

## ÉTICA PROFESIONAL. ALGÚNS ELEMENTOS PARA A SÚA COMPRESIÓN

*Ana Hirsch Adler\**  
Universidad Nacional Autónoma  
de México

### INTRODUCCIÓN

No proxecto de investigación sobre ética profesional<sup>1</sup> realízanse tres actividades complementarias: a) conformación dun marco teórico, b) entrevistas a académicos de universidades españolas e mexicanas e c) construción dun cuestionario-escala para ser aplicado a estudantes de posgrao da Universidade de Valencia e da Universidad Nacional Autónoma de México<sup>2</sup>.

No presente artigo expóñense algunhas ideas que proveñen do marco teórico: a ética profesional é ética aplicada, profesión e ética profesional, ética e deontoloxía profesional, conflitos éticos e identidade profesional.

### A ÉTICA PROFESIONAL É ÉTICA APLICADA

Para Augusto Hortal (2002) entre a ética xeral que se ocupa da reflexión acerca dos elementos constitutivos da vida

moral (nivel da fundamentación) e as actuacións puntuais están as éticas aplicadas. Aí se sitúan a ética xeral das profesións e a ética de cada profesión en particular.

As éticas aplicadas —entre elas, as éticas profesionais— tratan de especificar os criterios que poden orientar un ámbito particular das actividades humanas.

O seu obxectivo é proporcionar os elementos que se requiren para conformar unha conduta ética habitual no complexo e diversificado espazo do exercicio profesional. Non se trata de solucionar casos concretos, senón de formular valores, principios e procedementos que orienten a toma de decisións nos diversos casos (Etxeberria, 2002).

Trátase dun campo interdisciplinario, que se desenvolve en diferentes niveis e que permite a definición das boas e malas actuacións.

\* Profesora e investigadora no Centro de Estudios sobre la Universidad, Universidad Nacional Autónoma de México

1 Forma parte do proxecto colectivo: Valores universitarios e profesionais dos estudantes de posgrao da Universidad Nacional Autónoma de México.

2 O cuestionario-escala estase levando a cabo por unha proposta do Dr. Juan Escámez Sánchez, catedrático de Filosofía da Educación da Universidad de Valencia. A súa construción e aplicación están asesoradas, tamén, pola Dra. Rafaela García Ruíz, do Departamento de Teoría da Educación, Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, da mesma Universidade.

Isto supón:

- a) Conocer las *situaciones* concretas con sus *circunstancias*.
- b) Percibir también las posibilidades que entrañan esas situaciones y los diferentes *cursos de acción* que se abren, para poder calibrar el significado de lo que está en juego en esas situaciones y en esos diferentes cursos de acción.
- c) Disponer de una *tipología* que permita ver lo que esa situación tiene de parecido y diferente con otras situaciones comparables y con otros cursos de acción ya conocidos, tanto porque los hemos vivido o porque forman parte de la cultura. Sólo un atento examen de una variedad de casos permite establecer las semejanzas y diferencias entre ellos, que merecen una ponderación ética semejante o diferente.
- d) *Capacidad de juicio* para ver bajo qué tipologías es adecuado subsumir esa situación y esos diferentes cursos de acción.
- e) A qué *principios* hay que apelar, y
- f) Cómo se pueden plantear y tal vez resolver los posibles *conflictos entre principios*.

(Jonsen e Toulmin, cit. en Hortal, 2002, p. 105).


De maneira similar, Etxeberria (2002) considera que hai que ter en conta a actividade e a súa finalidade; os valores, principios e actitudes, que deben desenvolverse para alcanzar a meta; o principio *dialóxico* (ética discursiva); os datos da situación, que deben ser descritos e com-

prendidos o mellor posible, e as consecuencias das distintas alternativas.

Para Adela Cortina (2003), as éticas aplicadas nacen a partir de necesidades da realidade social e proveñen de distintos sectores. Como non hai acordos básicos previos, cómpre construílos buscando valores compartidos. Van xurdindo así diferentes propostas como son: comités de ética, colexios e asociacións profesionais e códigos éticos.

Con respecto á bioética, a autora caracteriza cinco puntos, que poden ser de utilidade noutros campos profesionais:

- 1) Desenvolver procesos de deliberación, cos seguintes pasos: describir en profundidade os distintos aspectos da práctica desde o punto de vista científico, descubrir e formular os valores éticos que comparten os distintos grupos sociais, expresar os principios éticos que orientan eses valores, indagar nas actuacións particulares os acordos e desacordos, debater sobre os puntos en que hai desacordo, chegar ó punto en que todas as posicións parecen moralmente respectables e ofrecer recomendacións para a actuación concreta.
- 2) Estender as informacións e conviccións á opinión pública.
- 3) Ir elaborando unha ética cívica transnacional.
- 4) Colaborar no carácter ético das sociedades (a través de comités, códigos...).
- 5) Colaborar no ben público.



*Ley contra a Tiranía*, estela grega de mármore. "Se por ter ambición do poder absoluto, alguén se alzase contra o pobo ou tentase derrocar a democracia de Atenas, aquel que lle dese morte quedará libre de culpa" (336 a.c.).

3 Proporcionados por académicos que traballan neste campo temático.

4 As cursivas son do propio autor.

## PROFESIÓN E ÉTICA PROFESIONAL

Para conceptualizar a ética profesional é importante formular que se entende por profesión. Das múltiples definicións que hai, retómanse aquí unicamente tres<sup>3</sup>.

Para Adela Cortina (Cortina, 2000, p. 11) profesión é:

Una actividad social cooperativa, cuya meta interna consiste en proporcionar a la sociedad un bien específico e indispensable para su supervivencia como sociedad humana, para lo cual se precisa el concurso de la comunidad de profesionales que como tales se identifican ante la sociedad (Cortina, en Cortina e Conill, 2000, p. 11).

Desde a perspectiva de Augusto Hortal (2002, p. 51):

Profesiones son aquellas *actividades ocupacionales*<sup>4</sup>:

- a) en las que de forma institucionalizada se presta *un servicio específico a la sociedad*,
- b) por parte de un conjunto de *personas* (los profesionales) *que se dedican a ella de forma estable*, obteniendo de ellas su *medio de vida*,
- c) formando con los otros profesionales (colegas) *un colectivo que obtiene o trata de obtener el control monopolístico* sobre el ejercicio de la profesión,
- d) y acceden a ella tras un *largo proceso de capacitación teórica y práctica*, de la cual depende la acreditación o licencia para ejercer dicha profesión.

No mesmo sentido, Juan Manuel Cobo (2003, p. 3) considera que no concepto moderno de profesión debe incluírse a ética:

Por profesión se entiende:

—Una actividad que ocupa de forma estable a un grupo de personas en la producción de bienes o servicios necesarios o convenientes para la sociedad (las profesiones entrañan una función social), con cuyo desempeño obtienen esas personas su forma de vida.

—Una actividad que se desarrolla mediante unos conocimientos teóricos y prácticos, competencias y destrezas propios de ella misma, que requieren una formación específica (inicial y continua), regulada por lo general social o legalmente.

—Y que deben utilizarse con ética profesional, esto es, con un uso adecuado [...], responsable, respetuoso con los derechos humanos y acorde con la justicia.

Hai que agregarlles a estas definición, que comparten elementos comúns, o feito de que dentro e entre as profesións, aínda que as pautas de cooperación son fundamentais, tamén se producen relacións competitivas. Estas acentúanse pola proliferación de profesións, o crecente número de profesionais, o avance nos procesos de especialización (Hortal, 2002) e a formación de campos de fronteira interdisciplinarios. A loita polos espazos de actuación vincúlase estreitamente cun tema importante, como o é o da identidade profesional.

Para José Luis Fernández (cit. en Fernández e Hortal, 1994, p. 91), a ética profesional é:

La indagación sistemática acerca del modo de mejorar cualitativamente y elevar el grado de humanización de la vida social e individual, mediante el ejercicio de la profesión. Entendida como el correcto desempeño de la propia actividad en el contexto social en que se desarrolla, debería ofrecer pautas concretas de actuación y valores que habrían de ser potenciados. En el ejercicio de su profesión, es donde el hombre encuentra los medios con que contribuir a elevar el grado de humanización de la vida personal y social.

Unha visión menos centrada no benestar da sociedade, pero que resalta fortemente os valores, é a que nos presenta Franca-Tarragó (cit. en Pérez, 1999):

Conjunto de aquellas actitudes, normas éticas específicas y maneras de juzgar las conductas morales, que la caracteriza como grupo sociológico. Fomenta, tanto la adhesión de sus miembros a determinados valores éticos, como la conformación progresiva a una tradición valorativa de las conductas profesionalmente correctas. Es simultáneamente, el conjunto de las actitudes vividas por los profesionales y la tradición propia de interpretación de cual es la forma correcta de comportarse en la relación profesional con las personas.

Como podemos observar facilmente, as definicións acerca de profesión e as que se refiren de modo directo á ética profesional están estreitamente articuladas.

Freidson (2003) introduce unha idea interesante, ó afirmar que hai un ataque á credibilidade da *ideoloxía profesional*. Considera que este se produce co fin de debilitar a voz das profesións e dos profe-

sionais que buscan influír no cambio social, para evitar que teñan unha opinión moral independente ó avaliar as políticas sociais. O autor considera estes grupos como unha "terceira voz", fronte ó poder do Estado e do capital. Adela Cortina e Augusto Hortal coinciden en presentar as profesións e os profesionais como unha opción da sociedade civil fronte a eses dous poderes.

Para Freidson (2003), as tres principais críticas que se lles fan ás profesións e ós seus grupos organizados refírense ó:

- 1) Monopolio sobre o dereito exclusivo a levar a cabo un tipo de traballo concreto no mercado.
- 2) Credencialismo. O monopolio xustifícase pola competencia profesional, acreditada por títulos educativos especiais (licencia profesional).
- 3) Elitismo.

Fronte a estas cuestións, este investigador considera que as institucións do profesionalismo que funcionan ben organizan e fan avanzar as disciplinas mediante o control da formación, das acreditacións e da práctica. Afirmar que o obxectivo é asegurar e manter a calidade do traballo.

O desenvolvemento dun corpus especializado de coñecementos e habilidades formais require dun grupo de persoas con ideas afíns que o aprendan e practiquen, se identifiquen con el, o distinguan doutras disciplinas, se recoñezan como colegas en virtude da formación común e da súa experiencia cun conxunto similar de tarefas, técnicas, conceptos e problemas laborais.

Os grupos así formados son exclusivos e tamén inclusivos. O establecemento de xurisdicións exclusivas permítelles ós membros concentrarse nese corpus común. O saber experto baséase na investigación e na acumulación de experiencia e os profesionais son depositarios dun coñecemento socialmente importante destinado a contribuír ó ben público.

## ÉTICA E DEONTOLOXÍA PROFESIONAL

Para Augusto Hortal hai diferenza entre ética e deontoloxía profesional (véxase Fernández e Hortal, 1994; Hortal, 1995 e 2002).

A ética profesional está referida á conciencia dos individuos, sitúase no tema do ben e intérrógase sobre: que é bo facer, ó servizo de que bens e servizos está unha profesión, cal é o tipo de ben que busca como finalidade constitutiva cada profesión e quen é un bo profesional.

Consideramos que, para responder a estas cuestións básicas, sería necesario investigar se as institucións de Educación Superior, os colexios profesionais, os profesionais e os profesores e estudantes universitarios lles poden dar resposta a estas interrogantes e se esas respostas son coincidentes.

Xavier Etxeberría (2002) sinala como referentes da ética profesional os seguintes: a actividade profesional remite ó ben, realízase plenamente non só cando se refire a uns principios e normas senón cando se expresa como hábitos de conduta dos profesionais, e cómpre recoñecer a pluralidade social dos profesionais e dos beneficiarios.

A deontoloxía profesional ocúpase de deberes e obrigas e busca formular un conxunto de normas esixibles (mínimos obrigatorios) a todos os que exercen unha mesma profesión. Sen a perspectiva ética, a deontoloxía carecería dun horizonte de referencia. As normas profesionais cristalizan xeralmente en códigos.

É evidente, pois, que cómpre compatibilizar:


- a) Os principios de ética profesional coas normas deontolóxicas, e
- b) A perspectiva interna dos profesionais (rol social) coa externa que se basea nas demandas dos beneficiarios.

O código de ética profesional é unha guía de actuación, tal como sinala Juan Manuel Cobo (Cobo, 2003, p. 9):

Un código de conducta profesional es una propuesta racional y metódica de normas para la actuación éticamente correcta en el ejercicio de una profesión (en su práctica habitual y en las situaciones éticamente dilemáticas), elaborada desde la ética profesional correspondiente y promulgada por quien tiene autoridad para ello.

A construción e actualización dos códigos profesionais de cada unha das disciplinas e dos campos de fronteira (xenética e bioética principalmente) estase volvendo un tema cada vez máis importante. Os códigos teñen destacadas funcións sociais (Cobo, 2001 e 2003):

—Identificatoria: Dálles identidade á profesión e ós profesionais por medio da uniformidade da conduta ética.



Hipócrates (460 – 377 a.C.) Museo do Louvre. O xuramento de Hipócrates, incluído na obra escrita deste médico grego, segue a ser a guía ética dos profesionais da medicina

—Regulatoria: Por medio da proposta dalgúns criterios ou principios que reflexionen sobre a actuación profesional en situacións de conflito.

—Declarativa e informativa: Expressa os principios e valores éticos da profesión, tal como os ven e expresan os seus membros, informando a sociedade sobre os comportamentos que se poden esperar deses profesionais.

—Coercitiva: En canto que as accións inadecuadas poden chegar a ser obxecto de sanción.

—Protectora da profesión, por tres camiños principais: competencia profesional, correcta conduta e defensa dos intereses.

Os códigos forman parte da consolidación dunha profesión e buscan promover a confianza dos beneficiarios e do público en xeral no traballo profesional.

Todos especifican a contribución que lles proporcionan ós seus clientes e ó conxunto da sociedade. O segundo aspecto consiste en que o servizo ofrecido debe ser proporcionado polas persoas e grupos que contan cos coñecementos, habilidades e competencias necesarias para iso, certificadas a través dunha licenza do colectivo profesional, conforme a normas establecidas. Algúns códigos inclúen as virtudes necesarias para o exercicio profesional.

Por exemplo, na investigación *Valores éticos que promueven los psicólogos mexicanos en el ejercicio de su profesión* (Pérez, 1999 e Lafarga, Pérez e Schlüter, 2001), como parte do proceso revisáronse os códigos éticos para os psicólogos de diferentes países. Neles, repítense aspectos significativos, como son: promover o benestar das persoas ás que serven, manter a competencia, protexer a confidencialidade ou privacidade, actuar responsablemente, abolir a explotación e defender a integridade da profesión a través dunha conduta exemplar.

Desde logo, a construción e aplicación dos códigos non está libre de problemas, sobre todo, cando se fai referencia a profesións pouco consolidadas e a campos de fronteira. Existen, ademais, códigos transdisciplinarios, como ocorre coas éticas da ciencia e da investigación

científica, que adoitan ser utilizados polos comités de ética.

Especialmente importantes son os códigos que se están construíndo na Comunidade Europea (2003), que atravesan disciplinas e fronteiras. É o caso do Proxecto RESPECT, que intenta acordar un *Código para a conduta da investigación social na Unión Europea*. O seu obxectivo é espallar a boa práctica existente, para permitir o desenvolvemento dunha área de investigación europea con estándares comúns que sexan transparentes e universalmente rocoñecidos. Baséase en tres principios: manter os estándares científicos, cumprir a lei e evitar o dano persoal e social.

Para Freidson (2003), a importancia dos códigos radica na súa posibilidade de intervir en circunstancias de traballo nas que pode haber conflito de intereses. Considera que, para crear e manter a confianza, é esencial que especifiquen e condenen as accións nas que se abusa da posición privilexiada dos profesionais.

## CONFLICTOS ÉTICOS

A maioría dos autores consultados fan referencia, neste campo en estudo, á posibilidade de que se produzan conflitos e dilemas éticos.

Durante o exercicio profesional, os individuos poden encontrarse en situacións que involucran un problema ético. Se se trata dun profesional ben formado e responsable, este tipo de asuntos non se formulan só a nivel intelectual senón que implican unha cuestión de conciencia (Cobo, 2003) e levan a unha toma de decisións para resolver o problema.

Cando se trata de profesionais que non se preocupan polos aspectos éticos da profesión e que, por exemplo, traballan en empresas públicas ou privadas, pódese dar o caso de que trasladen os cuestionamentos cara á actuación das institucións ou os directivos. Outros fano mediante a abstención da actuación:

Se puede tener un comportamiento moral, inmoral o incluso amoral, pero no es posible un comportamiento sin sustancia ni referencia moral; cabe la afirmación, la negación o la indiferencia ante la ética: lo que no cabe en su inexistencia (Altarejos, 1998, p. 12).

Nos dilemas éticos é moi importante facer as preguntas correctas (Mertzman e Madsen, 1999). Entre elas están as seguintes: ¿Cales son os valores activos no dilema ético?, ¿cales son as virtudes que poden guiar un profesional para resolver o dilema ético?, ¿cales poden ser ou son as consecuencias das accións do profesional?, ¿en que consisten as responsabilidades do profesional? e ¿que dereitos teñen prioridade na resolución do dilema?

O profesor Juan Manuel Cobo (2003) suxire algunhas pautas para acertar na decisión ética:

- Situarse responsablemente ante o problema.
- Identificar ben o caso: as persoas, as situacións, o dilema ou problema, as consecuencias de cada alternativa. Ás veces é suficiente para resolvelo.
- Prever e comparar as consecuencias de cada posible alternativa.
- Avalialas moralmente coa axuda de:

- Os principios e valores da ética profesional.
- As preguntas: ¿que decisión implica máis cousas positivas?, ¿que decisión supón males menores?
- Ou a pregunta: ¿que pasaría se todos actuasen así?

—Decidir ou optar en conciencia.

—Asumir a responsabilidade da decisión.

Para Hortal (2002) é necesario resolver os conflitos no marco dunha concepción social onde caiban tanto as obrigas do *ethos* profesional como os lexítimos intereses das empresas e institucións que contratan os servizos, tanto públicos como privados.

## IDENTIDADE PROFESIONAL

A profesión e o traballo son factores de identidade individual e social. Xeralmente forman parte importante da vida das persoas. Ademais de se converter no principal modo de manterse economicamente, a profesión achega prestixio social e realización persoal. Augusto Hortal (2002) considera que "nadie acaba de decir quién es sin aludir a lo que hace".

Realizar o mesmo traballo crea intereses intelectuais, sociais e económicos comúns. Isto dáse tamén no período da formación profesional.

Multiplicáronse os problemas de identidade profesional nas sociedades actuais. A aceleración dos cambios científicos e tecnolóxicos e outros fenómenos sociais están provocando desemprego e necesidade de recualificación (Cobo, 2002). Isto dá lugar a desaxustes da identidade profesional, que obrigan a reflexionar sobre a formación.





Placa de bronce cos nomes e marcas dos ourives de Gante, 1454 – 1481. Os gremios medievais coas súas normas de ingreso, de produción e de control semellaban verdadeiros colexios profesionais, incluíndo o listado dos seus membros.

É fácil imaxinar a complicación que se produce cando as persoas estudan unha disciplina e traballan noutras actividades, principalmente pola dificultade de encontrar un emprego adecuado ás súas necesidades.

A formación inicial (licenciatura) xa non representa necesariamente unha etapa final, senón a entrada ó mundo laboral e a

unha formación permanente. Por isto os principios da ética profesional de nivel xeral son tan importantes, porque pode haber cambios significativos na traxectoria profesional dos individuos. Hai que engadir que non estamos falando de entidades estáticas posto que as profesións son dinámicas e cambiantes.

Segundo Julia Evetts (2003), a literatura sociolóxica sobre as profesións e a identidade profesional tendeu a destacar os aspectos de homoxeneidade e unidade. Xeralmente asúmese que a identidade profesional está asociada co feito de compartir experiencias, formas de entender as cousas, coñecemento experto e maneiras similares de percibir os problemas e as súas posibles solucións. Tamén pola pertenza a asociacións profesionais. A identidade profesional prodúcese e reproducese a través dunha formación profesional común.

Porén, a maioría das profesións están compostas por grupos de especialistas diversos que, aínda que compartan antecedentes comúns, se foron concentrando en áreas distintas de traballo dentro da profesión. A autora considera, pois, que se lle debería conceder maior importancia á diversidade.

Ademais, os grupos profesionais interactúan e aféctanse uns a outros, cambian en resposta ós avances tecnolóxicos e a factores económicos, políticos, ideolóxicos e sociais e compiten con outros, tanto para protexer as súas aspiracións xurisdiccionais (monopolio dun sector específico do mercado) como á hora de expoñer novas reivindicacións sobre campos de traballo. A competencia non se dá soamente entre profesións, senón tamén no interior de cada unha.

## BIBLIOGRAFÍA

- Altarejos, Francisco (1998): "Presentación" e "La docencia como profesión asistencial", en Altarejos, Ibañez–Martín, Jordán e Jover, *Ética docente. Elementos para una deontología profesional*, Barcelona, Ariel.
- Cobo Suero, Juan Manuel (2001): *Ética profesional en ciencias humanas y sociales*, Madrid, Huerga Fierro Editores.
- \_\_\_\_ (2003): *Ética profesional, 4º de pedagogía (curso 2003-04)*, Universidad Pontificia de Comillas, Madrid, Facultad de Ciencias Humanas y Sociales, Departamento de Educación.
- Comunidade Europea: *Proxecto Respect, Código para la conduta de la investigación social en la Unión Europea*, (<http://www.respectproject.org/code>).
- Cortina, Adela (2000): "Presentación", en Cortina e Conill, *10 Palabras Clave en Ética de las Profesiones*, Navarra, Editorial Verbo Divino.
- \_\_\_\_ (2003): "El quehacer público de las éticas aplicadas: ética cívica transnacional", en Adela Cortina e Domingo García–Marzá (eds.), *Razón pública y éticas aplicadas. Los caminos de la razón práctica en una sociedad pluralista*, Madrid, Editorial Tecnos.
- Etxeberría, Xabier (2002): *Ética de las profesiones*, Bilbao, Desclée de Brouwer.
- Evetts, Julia (2003): "Identidad, diversidad y segmentación profesional: el caso de Ingeniería", en Mariano Sánchez Martí-  
nez, Juan Sáez Carreras e Lennart Svensson, *Sociología de las Profesiones. Pasado, Presente y Futuro*, Murcia, Diego Marín Librero-Editor.
- Fernández Fernández, José Luis, e Augusto Hortal Alonso (comps.) (1994): *Ética de las Profesiones*, Madrid, Publicaciones de la Universidad Pontificia Comillas.
- Freidson, Eliot (2003): "El alma del profesionalismo", en Mariano Sánchez Martínez, Juan Sáez Carreras e Lennart Svensson, *Sociología de las Profesiones. Pasado, Presente y Futuro*, Murcia, Diego Marín Librero-Editor.
- Hortal Alonso, Augusto (1995): "La ética profesional en el contexto universitario", en Aula de Ética, *La ética en la universidad. Orientaciones básicas*, Bilbao, Universidad de Deusto.
- \_\_\_\_ (2002): *Ética general de las profesiones*, Bilbao, Desclée De Brouwer.
- Lafarga Corona, Juan, Irene Pérez Fernández e Hanne Lore Shlüter Sartorius (2001): "Valores éticos que promueven los psicólogos mexicanos en el ejercicio de su profesión", en Ana Hirsch, *Educación y Valores*, tomo II, México, Ediciones Gernika.
- Mertzman, Robert, e Peter Madsen (1999): "Introduction to Professional Ethics", en Sistema ITESM, *Valores para el ejercicio profesional*, Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores de Monterrey, Centro de Valores Éticos.
- Pérez Fernández, Irene (1999): *Los valores éticos que promueven los psicólogos mexicanos en el ejercicio de su profesión*, México D. F., Universidad Iberoamericana.



Ana HIRSCH ADLER: "Ética profesional. Algúns elementos para a súa comprensión", *Revista Galega do Ensino*, núm. 43, maio 2004, pp. 169-179.

*Resumo:* Neste artigo coméntase a posición, desde o punto de vista de diferentes autores, da ética profesional entre as éticas aplicadas, as súas funcións e obxectivos. Defínese o concepto de profesión e a relación que esta ten coa ética, establécese a diferenza entre ética e deontoloxía profesional, menciónase a posibilidade de que se produzan conflitos ou dilemas éticos e indícanse unhas pautas que axuden a tomar unha decisión. Por último, abórdase o concepto da identidade profesional.

*Palabras chave:* Ética profesional. Profesión. Deontoloxía. Ética aplicada. Identidade profesional.

*Resumen:* En este artículo se comenta la posición, desde el punto de vista de diferentes autores, de la ética profesional entre las éticas aplicadas, sus funciones y objetivos. Se define el concepto de profesión y la relación que esta tiene con la ética, se establece la diferencia entre ética y deontología profesional, se menciona la posibilidad de que se produzcan conflictos o dilemas éticos y se indican unas pautas que ayuden a tomar una decisión. Por último, se aborda el concepto de la identidad profesional.

*Palabras clave:* Ética profesional. Profesión. Deontología. Ética aplicada. Identidad profesional.

*Summary:* In this essay, we discuss the position, from the perspective of different authors, of professional ethics among applied ethics, the functions and objectives. The concept of profession as well as its relation with ethics are defined, the difference between ethics and professional deontology is established, the possibility of conflicts or ethical dilemmas is mentioned and some guidelines that may help take a decision are pointed out. Finally the concept of professional identity is dealt with.

*Key-words:* Professional ethics. Profession. Deontology. Applied ethics. Professional identity.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 3-10-2003.

